

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN DO DÍA 19 DE

ABRIL DE 2010

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e trinta minutos do día dezanove de abril de dous mil dez, baixo a presidencia do señor alcalde don Antonio Varela Saavedra, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, a corporación municipal en Pleno.

Asisten os señores concelleiros don Jaime Manuel López Lisnier, dona Erundina Prado Arcay, dona Carmen Tato Lago, dona M^a Ángeles Míguez Mouzo e don José Francisco Parceros Rial, do PSdeG-PSOE; don José Antonio Baamonde López, don Nicolás José Cubeiro Martínez, dona María Jesús González Roel, dona María Jesús Vieites Mariñas, don Santiago Manuel Ríos Rama, dona Goretti Pérez Eléxpuru e don Felipe Andreu Barallobre, do PP; don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, dona Gumersinda Becerra Montes, don Antón Otero Domínguez e dona Laura Fernández Martínez, do BNG; don Luis Miguel Taibo Casás e don Juan Antonio Fernández López, de EU-IU; don Manuel Marante Gómez, do PG (GM); e dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita.

Asiste dona M^a Irache Enríquez Albaina, interventora, e dona Verónica María Otero López, como secretaria accidental da corporación.

Aberto o acto pola presidencia, tratouse o asunto incluído na orde do día da convocatoria.

Cuestión de confianza vinculada á aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2010

O Sr. alcalde dá lectura ao seu escrito de data 15 de abril de 2010, que consta do seguinte teor literal:

“DON ANTONIO VARELA SAAVEDRA, alcalde-presidente do Concello de Cambre, de conformidade co disposto no artigo 197.bis 1) da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral,

EXPOÑO:

Primeiro: Que na sesión extraordinaria do pleno da corporación, de data 14 de abril de 2010, rexeitouse a proposta de aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2010.

Segundo: Que a situación política xerada no Concello de Cambre por este rexeitamento dificulta a acción de goberno, de tal xeito que resulta de imperiosa necesidade a súa aprobación, especialmente se temos en conta que é un exercicio de responsabilidade aprobar o orzamento canto antes, para así facer fronte á situación de bloqueo na que se atopan actualmente toda unha serie de proxectos, servizos e actividades municipais. Trátase de responder ás urxentes necesidades da veciñanza de Cambre.

Por todo isto,

PLANTEO ao pleno da corporación unha cuestión de confianza, nos termos contidos no precepto antes citado, vinculada á aprobación dos Orzamentos xerais para o exercicio 2010.”

O Sr. alcalde explica que hoxe presenta unha cuestión de confianza ante o pleno da corporación, onde se vai comprobar o sentido dos votos dos señores concelleiros. É o primeiro paso para que a oposición poida conseguir un goberno municipal, e el se pregunta a que prezo e como se vai pactar.

Cre que non é bo facer un goberno con persoas que sen ningún tipo de responsabilidade política buscan, coa súa pouca ética, vender o seu voto a outros partidos, porque o que menos lles interesa a moitos deles son os seus veciños. Desexa que algún grupo político teña a dignidade que sempre ten mantido no seu traballo e na súa xestión, e o respecto aos seus votantes.

Cre que non se pode gobernar dende o rencor, todo o contrario, hai que gobernar con ilusión, co traballo do día a día, e coa honradez, sempre ao servizo dos veciños. A oposición vén ultimamente dicindo que non se traballa e que están desgobernados, que as cousas non se fan. El ten que dicir que teñen un equipo sólido, resultado do pacto que se fixo entre o PSOE e o BNG.

Froito deste pacto el quere salientar dúas pinceladas. Ten que dicirlles aos señores concelleiros que no ano 2008 aprobáronse 67 contratos de obras, servizos ou subministracións, por un importe de 3.100.000 euros, o que vén facer un contrato por semana e un investimento mensual por riba dos 250.000 euros. No 2009 pasouse de 67 contratos a 113, e investíronse uns 6.836.000 euros, o que supón un investimento por mes de 570.000 euros, e 9 contratos por mes. Isto dá un balance de que, aínda que pareza que as cousas están paradas, non o están.

Segue explicando que el se somete a este voto de confianza porque no 2010 teñen un grande investimento que realizar e cre que é responsabilidade de todos os que están

presentes, rematar este tema e aprobar canto antes eses proxectos. Teñen 5 millóns de euros para investir no 2010, e os orzamentos non convén demoralos moito, xa que logo vén o verán e dende contratación vai ser imposible poder facer fronte a tanto investimento de diñeiro. Sería unha mágoa que por uns ou por outros non puideran afrontar con dignidade esa partida de diñeiro que se ten no Concello de Cambre.

Conclúe dicindo que a continuación van pasar a unha primeira quenda de intervencións dos voceiros, despois haberá unha quenda de réplica e logo pasarán á votación.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez, concelleiro do PP, manifesta que o Sr. alcalde cambioulle a orde en que pensaba expoñer a posición do seu grupo, porque na súa intervención empezou preguntando, xa de entrada, polo prezo que se vai pagar polo voto dalgún concelleiro. Supón que esa pregunta irá dirixida ao grupo maioritario da oposición. Tamén apelou á ética dos concelleiros da oposición, fala de que os concelleiros da oposición venden o seu voto e reclama a responsabilidade coa que habitualmente algún grupo da oposición adoita traballar. Entende que, evidentemente, iso non vai dirixido ao PP.

Unha vez dito isto di que supón que é normal que en política se pague un prezo polo voto, supón que é normal que algún concelleiro venda o seu voto. Di que supón que é normal, porque o Sr. alcalde comezou a súa intervención referíndose a iso. Eles, dende logo, nin pensarán niso. Eles o que pensaron é que hai que remontarse a anterior lexislatura. O Sr. alcalde acabou o seu goberno na anterior lexislatura con tres concelleiros menos, o Sr. Marante que hoxe é o voceiro do Partido Galeguista, o Sr. Óscar García Patiño que está noutro partido político independente, e unha terceira compañeira á que lle retirou as competencias uns días antes de acabar a lexislatura. A pregunta que hoxe lles fan a eles é se confían nun alcalde que na anterior lexislatura fixo iso. Evidentemente a súa resposta é que non, non é de fiar un alcalde que lle fai iso aos seus compañeiros.

Tamén lles preguntan se confían nun alcalde que leva 12 anos para facer un plan xeral que xa lles custou aos veciños de Cambre máis de 250.000 euros. Agora, debido á presión da oposición, porque niso si que o PP tivo moito que dicir, rescindiuse o contrato, co cal os veciños de Cambre perderon 12 anos e 40 millóns de pesetas. Entón, se lles preguntan se confían no Sr. alcalde na súa xestión, evidentemente a resposta é que non.

Continúa dicindo que fixo mención a como o Sr. alcalde rematou a última lexislatura, con tres compañeiros menos, e é exactamente o que lle está pasando nesta. Ten que preguntarlle onde está o seu primeiro tenente de alcalde don Francisco Javier Varela Tejedor, hoxe non está aquí, non saben exactamente por que causas non está aquí, pero non está. Tamén lle ten que preguntar polo seu primeiro concelleiro de Facenda, don José Venancio Salcines

Cristal, hoxe non está aquí, dimitiu, non saben por que o fixo. Tamén lle ten que preguntar por dona M^a Beatriz Ramos Padín, que hoxe si que está, pero non no grupo do PSOE, senón no dos concelleiros non adscritos. Por todo isto, se a pregunta que lles fan é se o PP confía nun alcalde que nesta lexislatura xa non ten a tres compañeiros, evidentemente, a resposta é que non .

Nesta lexislatura houbo cousas asombrosas, como por exemplo a contratación de cinco administrativos de forma fraudulenta, porque esa é a palabra que hai que empregar, non se respectou o mérito e a capacidade dos que se presentaron, contratouse a cinco persoas que estaban predestinadas ao posto. Houbo, como se pode demostrar, documentos como aquel diploma no que nun poñía 50 horas e noutro 20. El non di que estea falsificado, pero exactamente o mesmo curso, no mesmo sitio, expedido polas mesmas persoas, asinado polas mesmas persoas, aparecía corrixido con “tipp-ex” e que nun constaba unha cifra e noutro constaba outra, evidentemente iso está falsificado, non pode ter outro nome. Polo tanto, se preguntan se o PP confía nun alcalde que fixo esa contratación, a súa resposta é que non .

Continúa dicindo que tamén está o tema da Casa da Cultura. Cre lembrar que o Sr. alcalde leva 20 anos prometendo a Casa da Cultura, todos os anos dilles que vai haber unha subvención de 800.000 euros, e el xa lle dixo ao Sr. alcalde varias veces que todos os anos se perde a subvención. As subvencións da Deputación son así, ou se utilizan ou se perden, polo tanto o Concello de Cambre todos os anos perde os 800.000 euros desa subvención. Entón, se lle pregunta se confían nel, de que sexa capaz de facer a Casa da Cultura, a súa resposta é que non.

En canto ao tema dos orzamentos, o do ano pasado foi escandaloso. O Partido Popular e o Sr. alcalde asinaron un documento no que o alcalde se comprometía a varias cousas, entre elas a que todos os grupos da oposición tiveran unha reunión mensual cos xefes de cada departamento, todos os grupos, non só o Partido Popular, de cara á transparencia. El mesmo asinou co Sr. alcalde ese documento. O PP comprometíase a absterse na votación dos orzamentos, co cal se aprobarían. Parecíanlles que era mellor que houbera transparencia na xestión municipal en Cambre, a pesar de colaborar á aprobación duns orzamentos que non lles gustaban. Pero o Sr. alcalde obviou ese documento, e o día do pleno no que se ían aprobar os orzamentos, de forma asombrosa, retirou o asunto, e logo pactou co BNG. Polo tanto, se a pregunta é se o PP de Cambre confía nun alcalde que non respecta o que asina, evidentemente a resposta é que non.

Di que o Sr. alcalde asinou un pacto co BNG, un pacto no que se reflectían varias mentiras, como a páxina 77 dos orzamentos do ano pasado, onde se recollían os salarios do equipo de goberno. Dicíáselles a eles, e ao conxunto dos veciños de Cambre que a pesar de que

aumentaban de 7 a 11, que ía haber máis cantidade de dedicacións exclusivas e medias dedicacións, aínda así tiñan a cara de dicir que ía custar menos aos veciños de Cambre, pero como se demostrou amplamente, iso era maquillando os orzamentos. O que facían era non ter en conta os meses que xa transcorrían do ano, para que a cantidade parecese que era inferior á do ano pasado, pero non era verdade, e esa foi unha das condicións do pacto co BNG.

Segue dicindo que recentemente o PP dixo que lle parecía escandaloso como fai o goberno municipal a contratación das obras do Plan E, que é co procedemento negociado sen publicidade. Iso significa, como denunciou o PP que chamen a tres empresas, ou a unha podería ser, e esa unha pódese encargar de tres orzamentos e automaticamente facer as obras, e non están a falar dunha cantidade pequena, están falando de máis de catro millóns de euros. Curiosamente no informe que a Fiscalía remite ao xulgado para que se abran dilixencias, no punto seis, di textualmente que a maior parte das obras realizadas no concello se contratan polo procedemento negociado sen publicidade, o que deu lugar á acumulación de adxudicacións en poucas empresas habituais.

Explica que isto non o sabía o PP, evidentemente, pero que si o tiñan denunciado, e mandaron unha carta ás empresas de Cambre para que souberan que en Cambre se está facendo iso, e para que presionasen para que se tivese en conta ás empresas de Cambre, e non só ás empresas de Cambre, senón a todas, porque o que hai que actuar é con transparencia. Debido a isto o goberno municipal viuse obrigado a ampliar o prazo en 10 días, foi o que fixeron, ampliar o prazo en 10 días nos que, evidentemente, non dá tempo a que unha empresa reaccione, co cal as obras van a facelas as empresas que o equipo de goberno queira.

En canto aos orzamentos actuais xa dixeron a semana pasada que o que fixo o goberno municipal foi darlles un borrador incompleto onde non se reflectían as obras a realizar, e non volveron a falar con eles. O que lles chamou moitísimo a atención foi que despois de preguntar no pleno do mes de xaneiro, no pleno do mes de febreiro e no pleno de marzo, como levaban o tema dos orzamentos, e tendo en conta que no pleno de marzo o substituto do Sr. alcalde, o primeiro tenente de alcalde don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, lle quitou a palabra para evitar o mal trago que estaba pasando o concelleiro de Economía, porque non tiña respostas, despois de todo iso, atopáronse con que o goberno municipal fai o pleno extraordinario para a aprobación dos orzamentos sen negociar co PP, e polo que se demostrou, sen negociar con ninguén. O equipo de goberno estaba convencido de que a oposición, ao final, se botaría atrás e non chegarían a este punto, pero si que se chegou, chegaron a este punto porque é a única saída, chegaron aquí porque había que chegar.

Di que se o Sr. alcalde lle pregunta se confían nel por todo isto que está dicindo, evidentemente non confían. Non poden confiar nun alcalde que é denunciado polos funcionarios, reiteradamente. Non poden confiar.

Por último quere facer de novo mención ao informe da Fiscalía, non vai facer ningún comentario sobre el, simplemente dicir que está aí e, polo tanto, á pregunta de se o PP de Cambre confía no Sr. alcalde, a resposta é que non.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo, voceiro do BNG, manifesta que hoxe están celebrando un acto transcendental na historia da súa democracia local, probablemente sexa un dos máis significativos que se teñan realizado neste salón de plenos, e fan isto porque este goberno é eficaz, pero sobre todo porque é responsable, e non está disposto a gobernar a calquera prezo, por iso non se conforma coa prórroga duns orzamentos que lle darían tranquilidade ata o final do mandato, porque quere que as cousas se fagan e non se perda nin un só euro de investimento para o benestar deste concello. Por iso lle ofrece á oposición a posibilidade de que presente un orzamento alternativo, pero que o faga tamén dende un goberno alternativo.

Estes días asistiron a diferentes comentarios e valoracións de que xa non había tempo, pois non, hai tempo legal, precisamente este goberno presenta unha cuestión de confianza para que a oposición teña a posibilidade e a capacidade de organizarse, de presentar unha moción de censura, cun goberno alternativo e cuns orzamentos alternativos.

Dende logo é a intención do BNG que isto sexa así, dende logo eles non están por admitir ningún tipo de desgoberno e instan a quen todo lle parece tan mal, a quen todo lle parece tan nefasto, e a todos os que ven imposible que as cousas saian adiante, a que promovan unha nova alternativa de goberno e a que a saquen adiante. Dende logo o BNG non vai bloquear ningunha posibilidade de que as cousas que son necesarias e que son urxentes se poidan levar adiante. Eles dende logo respectan todas as críticas, algunhas tremendamente acedadas e algunhas tremendamente duras, as respectan, agora ben, o que tamén din é que está ben predicar, pero tamén hai que dar trigo, que se critique, pero que se poña unha alternativa sobre a mesa. O BNG non a ve noutro lado, pero pode ser que a haxa, están no momento de facelo e non se pode demorar un tempo máis.

Di que isto vén producido porque, dende logo, esta lexislatura no Concello de Cambre foi singular, por non buscarlle outro tipo de adxectivos. Contra toda lóxica hai quen decide iniciar unha andaina en solitario, sete concelleiros sobre catorce, cando evidentemente as matemáticas non dan. Isto faise porque existe un acordo non público de que o PP ía dar respaldo e apoio á xestión dun goberno en minoría. Alguén que viu de fóra parece que fixo presaxios e promesas de que as cousas ían ir ben, pero non tardou a cousa un ano en

reventar. Era evidente que tanto as disensións internas do grupo de goberno como a propia dificultade en seguir mantendo esa situación estraña por parte de quen sempre é a alternativa, a eterna forza segunda, ía facer reventar a cousas, como así foi. E non tardou moito tempo, algunhas cousas xa se faloron agora, que se exames para auxiliares feitos de maneira irregular, que se contratacións que non se sabe moi ben se están contratadas ou non, que se prazos que se perden, que se obras que non dan acabado. Ao final a situación fíxose insostible e ao que se chegou no prazo escasamente dun ano, foi á necesidade de que había que recompoñer outro tipo de acordos.

Di que ahí estivo o BNG acordando no ano 2008 uns orzamentos municipais, seguindo na oposición, pero que entre outras cousas significativas garantizaron que se iniciaran os procedementos para adquirir terreos para un novo colexio e que se iniciaran contactos coa Xunta de Galicia para ceder parcelas para cousas tan pouco significativas e importantes para algúns, como é a educación infantil, os maiores ou a saúde.

Así transcorreron os tempos, tiveron un período preelectoral autonómico no que houbo aquí algunha forza política que demostrou que facía unhas lecturas moi acaídas de Maquiavelo, aquilo de que o fin xustifica sempre os medios a empregar, e demostraron que calquera método lles valía para afianzar as súas posicións. A súa vitoria electoral, lexítima, probablemente moita xente dirá que xusta, el dende logo non o vai negar, fixo cambiar as cousas, e aí o Partido Popular inicia un punto de inflexión.

É certo o que dixo o Sr. Cubeiro de que ofreceu un acordo para os orzamentos do ano 2009, ofreceu un acordo con base a unha serie de cuestións literarias, pero sen ningún tipo de chicha, sen ningunha substancia, sen nada significativo que lle interesara aos veciños e veciñas deste concello. O BNG dixo que non estaba de acordo e ofreceu ao goberno local unha nova negociación orzamentaria, e así o goberno en minoría, o alcalde naquel momento, decidiu que era mellor asegurar un proxecto de orzamentos que realmente recollera cousas ambiciosas e importantes, que non aqueloutro só baseado nun pouco de literatura e nunha estabilidade de dubidosa garantía. Desta maneira chegaron preto do verán do ano 2009 a un acordo de orzamentos que tamén deu lugar a un acordo de gober nación para Cambre.

Di que se quere deter nisto dous minutos, porque o que están discutindo hoxe efectivamente é a confianza a un alcalde, é a confianza a un goberno, pero supón que todo o mundo entenderá que o que se está discutindo é a confianza dun período determinado deste goberno e dunhas previsións tamén determinadas para este goberno. Están falando dun goberno que comeza a súa andaina, na súa nova etapa, unha vez aprobados definitivamente os orzamentos do ano 2009, a finais do mes de agosto, e que vai ter o seu remate, se este pleno así o decide, nas eleccións municipais do vindeiro ano. Porque o acordo de goberno

si poñía cousas concretas, non moitas, tanto o grupo naquel momento gobernante en minoría, o PSOE co seu alcalde á cabeza, como o BNG, limitaron os obxectivos, porque efectivamente eran conscientes de que eran escasamente dous anos o que quedaba naquel momento para rematar a lexislatura.

El quere recordar algúns dos dez puntos concretos que asinaron o 24 de xullo de 2009, para que se vexa, para que se poida comparar, e para que se poida decidir se efectivamente están facendo as cousas ás que se comprometeron, ou non as están facendo.

Asinaron, por exemplo, no punto número 1, relativo ao Plan xeral de ordenación municipal de Cambre, como primeira prioridade para este goberno rescindir o contrato coa consultora que o viña levando todos eses anos que todos saben, e iniciar un novo procedemento de contratación e adxudicación. Cre que todo o mundo sabe, porque saíu publicado en diferentes ocasións, que é precisamente o día 23 deste mes cando remata o prazo para que as consultoras que teñan interese en participar na elaboración do novo plan xeral poidan presentar as súas ofertas. Está o proceso de contratación en marcha e só queda que a partir dese momento os técnicos fagan a súa proposta para a adxudicación definitiva e se poida xa zanzar e ver a luz nun problema que todos son conscientes levan arrastrando demasiado tempo.

O segundo punto do que falaban nese acordo de goberno era de manter e mellorar os acordos e proxectos en marcha que viñan arrastrados xa da anterior lexislatura, está falando de temas de igualdade e conciliación da vida laboral e familiar, de temas de educación, de temas de deportes, todos e cada un deles aí están, no orzamento do 2009 e tamén incluídos no orzamento do 2010. Precisamente as únicas partidas que aumentan de maneira substancial, de maneira significativa, son as que están dedicadas a estes temas.

Pero di que había un terceiro acordo que se refería a que o concello tiña na súa axenda un montón de proxectos importantísimos de investimento naquel momento. Estaba aprobado o Plan Arume, estaba en plena xestión o FEIL, o plan E do ano 2009, e era inminente a preparación das ofertas do concello para o novo plan do Estado, o FEESL. Di que o terceiro compromiso que asinaron entre el e o Sr. alcalde, foi que había que rematar ben a xestión de todos eses proxectos, e iniciala no caso de que fora necesario. O balance non pode ser máis positivo.

O plan FEIL rematouse todo dentro do seu prazo, neste momento están todas as obras, mesmo unha que non foi por culpa da xestión municipal, senón porque unha empresa pasou a concurso de acreedores, e houbo que readxudicala de novo, está a ser rematada dentro do prazo que se lles estipulou.

No plan FEESL, que inclúe 26 importantes proxectos de investimento, de obras, subministración e servizos, están todos os procedementos de contratación iniciados, e algúns deles xa contratados, logo vaise parar un pouco no modo de contratación dese plan.

En canto ao proxecto Arume xa están varios dos proxectos en marcha. Algúns deles que estaban bloqueados por diferentes informes negativos, ou por deficiencias na xestión de tempo anterior, están desbloqueados, e o resto están pendentes da aprobación do orzamento municipal, para que o concello poida achegar a parte que necesita, porque senón non é que se perda a parte que ten que poñer o concello, é que perderan todo o financiamento dese proxecto.

Continúa dicindo que así poden seguir ata seis, sete, oito e nove puntos, un pacto que é público, que está colgado na súa web, que todos poden comprobar, e que todos poden ver que se está levando adiante, e que a día de hoxe a xestión de todos os proxectos é a adecuada e a correcta.

O Sr. alcalde citou antes unha serie de cifras, e el pensa que son importantes, ver o incremento do investimento, o incremento da contratación, dos anos 2008 ao 2009. Cre que son cifras bastante significativas, pero eran previsións dun acordo de goberno, e non é o único porque ao entrar a xestionar a partir do mes de agosto, e poñerse a traballar conxuntamente, atopáronse con outros moitos problemas que solucionar e que non estaban contemplados. Di que todos saben que o Plan do obras e servizos concertado coa Deputación do ano 2007, levaba dous anos parado polo abandono dunha empresa. Neste momento, e dentro do prazo concedido, conseguiron rescatar esa adxudicación, adxudicarllo a unha nova empresa, e a día de hoxe o saneamento de lugares como Drozo en Anceis, Ascariz e Piñeiro en Brexo, ou San Lourenzo, están practicamente ultimando as obras e poderán estar rematados no último prazo que lles concedeu a Deputación.

O mesmo pasaba coa obra de herba artificial e rego do campo de fútbol de Lendoiro, na Barcala, problemas tamén coa empresa adxudicataria, discusións, a obra non daba comezado, e empezaban a correr os prazos e xa era necesario pedir novamente prórrogas. Cre que todo o mundo sabe que esa obra do campo de fútbol está máis que iniciada, que ten un prazo de execución que remata o mes que vén, e que probablemente vaia estar rematada antes do último prazo que teñen.

Outras cousas que levaban arrastrando como é a Escola municipal de Música, que hoxe poden dicir aquí que por fin o concello, despois da cantidade de problemas que arrastrou a obra por parte tamén da empresa adxudicataria, hoxe o concello xa a ten recibida, e só lle queda poñer en marcha o equipamento e algún detalle interior para que en moi pouco tempo poida estar dispoñible para uso dos rapaces e rapazas.

Outra obra é a da praza de Manuel Murguía, non pola súa envergadura ou cantidade económica, pero si polo simbolismo e polo lento que ía. Por fin está xa rematada, despois de levar dous anos con multitude de problemas, está completamente rematada, entregada, e sendo disfrutada polos veciños e veciñas, fundamentalmente do Graxal.

Di que eses son algúns exemplos de cuestións que, tanto nas que acordaron como as que se atoparon ao empezar a xestionar a cousa municipal, están en marcha, están rematadas e, dende logo, levan moi bo camiño.

Cren que o goberno funcionou nesta etapa de maneira razoablemente boa, cumprindo cos seus obxectivos. Cren ademais que esa conflictividade e esa presunta crise que moitas veces está nos titulares de prensa, en determinados mentireiros, nos comentarios de determinados círculos, non existe na realidade, e sábeno ademais porque están en contacto diario e permanente con cantidade de lugares do concello, con cantidade de colectivos que, en todo caso, saben que as portas as teñen sempre abertas, que están sempre receptivos a solucionar as cousas.

Non pretende dicir que todos os problemas que ten o Concello de Cambre, pero os problemas que estaban na axenda, os problemas que son posibles solucionar, si están encamiñados. Claro que queda moito por facer, queda moitísimo que facer, e eses son os temas que o actual goberno está disposto a continuar facendo durante este ano.

Antes dixo que as contratacións do FEESL merecían un punto e á parte, porque un xa está cansado tamén de escoitar sentenzas que parecen absolutamente fundamentadas na verdade, que non se poden discutir. Un está un pouco canso tamén de escoitar rumores ou informacións baseadas na falta de rigor e na falta de coñecemento. Van demostrarlles a todos, porque están xa os datos dispoñibles, como nas contratacións do FEESL, deste plan especial de 2.500.000 de euros, no que xunto coa concelleira de Contratación traballou cóbado con cóbado durante estes pasados meses, fixeron un procedemento de contratación modélico e exemplar. El cre que probablemente non se fixera así en ningún sitio, en ningún concello deste país.

Recoñece que claro que se fixeron procedementos negociados, dille ao concelleiro do PP que xa o explicou hai un mes, que os vinte días que dá de prazo o Fondo, dende que se inicia a contratación ata ter contratadas as obras, non permite outra situación.

Segue dicindo que teñen un listado de algo máis de 90 empresas, das cales están todas as empresas que quixeron estar do Concello de Cambre, e son unhas cantas, e todo o mundo vai poder comprobar como non hai ningunha empresa que acumule a totalidade das

peticións de oferta para algún proxecto, van a comprobar como o reparto que se fai entre todas as empresas que solicitaron ser incluídas e invitadas, entre as empresas de Cambre, entre as empresas que son habituais como provedoras de servizos deste concello, hai un reparto absolutamente equitativo, el non di que xusto, porque en todo caso é aleatorio, ás veces é por sorte, porque hai que repartir, pero van ver como non só son tres as ofertas que se teñen pedido dende a súa concellería e dende o Departamento de Contratación, dende o goberno municipal, senón que foron invitadas 5, 6, 7 empresas, máis do que á lei obriga, e repartindo todo iso.

Pensa que vai ser un procedemento exemplar, e proba de que polo menos o intentaron, queren seguir as pautas do bo goberno, xa saben que quedan moitas cousas, que o tempo é pouco, que o traballo é moito, que lles gustaría ter moitísimos máis recursos, moitísimo máis persoal, pero coas limitacións do seu saber e do seu poder facer, e coas limitacións instrumentais que teñen, el cre que a nota é para un notable alto.

Di que a contribución do BNG ao goberno municipal vai continuar sendo leal, vai continuar a poñer toda a carne no asador, para que as cousas saian adiante. Dixo ao principio que precisamente se acordaron co Sr. alcalde, co conxunto do goberno, someter a cuestión de confianza estes orzamentos, foi porque querían dar oportunidade de que se a hai, que apareza unha nova alternativa que o poida facer mellor, e non conformarse cun orzamento prorrogado que lles garantiría a permanencia no goberno durante o ano que queda. Esa non é a súa pretensión, a súa pretensión é que se fagan as cousas, e por iso traen aquí a cuestión de confianza, e, dende logo, o grupo municipal do BNG dálle a súa plena confianza a este goberno, cren que a experiencia dos meses que levan traballando con el é suficiente garantía e suficiente demostración de que isto funciona, e están convencidos de que con este orzamento, e co equipo que teñen agora funcionando, van ser capaces de sacar as cousas adiante, e en maio do 2011 vaise ver que tiñan razón.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás, voceiro de EU-IU, manifesta que non é o Sr. alcalde a persoa máis indicada para dar leccións das alianzas dos posibles grupos aquí presentes, en caso de que houbera unha alternativa a este goberno. Cre que chegaron a esta situación non por casualidade, nin tampouco por culpa da oposición. Cre que esta situación vén dada polos continuos devaneos e bandazos que deu este goberno ao longo da lexislatura, iso está máis que comprobado. Os continuos devaneos, os continuos abandonos de persoas que, como se dixo antes, algunhas están aquí presentes e outras non.

O goberno municipal vén a este pleno sen mover nin un ápice as súas posturas, dicindo que se negaban a falar con ninguén. Iso quere dicir que descartaron totalmente o diálogo, é máis, o Sr. alcalde dixo dunha proposta que facía o grupo de EU-IU, referente á redución de salarios que propoñían, que iso eran pequeneces. Dille que serán pequeneces para o Sr.

alcalde, pero que para o seu grupo, e para moitos veciños e veciñas de Cambre, que o están pasando francamente mal, non é ningún tipo de pequenez, porque o que eles propuxeron, e vaise referir ao concreto, foi a redución de salarios, de dedicacións exclusivas que son de 54.000 e 47.000 euros, e de cinco dedicacións parciais que son de 24.400 euros, todo isto máis as axudas de custo que se aprobaron non hai moitos meses, e que ademais se aumentaron. Eles o que propoñían é que ese diñeiro se destinase a emerxencias sociais, e para a colaboración na creación de emprego no concello.

Di que o goberno municipal utiliza un mecanismo para aprobar estes orzamentos convencidos da dificultade dos partidos representados na oposición para presentar unha moción de censura, xogan con esa baza e utilízana moi ben. Seguen sen cambiar nada os seus argumentos respecto das propostas que lles fixeron, porque polo menos EU-IU lles fixo propostas concretas e fundadas, sen querer para nada establecer un diálogo para aprobar as contas. Iso é real, EU-IU intentou negociar para aprobar as contas deste ano, pero o equipo de goberno parece ser que xa tiña máis que estudado as posibles consecuencias, di que non lle cabe a menor dúbida.

Sinala que lamentan ter que chegar a esta situación, provocada pola intransixencia dun goberno, nalgúns casos carente de unidade e tamén sobrado de prepotencia, que actuou con desprezo ao non facilitar, como xa dixo antes, polo menos ao seu grupo, a posibilidade de apoiar estes orzamentos, e tratar de negociar coa oposición lexítima deste concello. Para o seu grupo o goberno municipal é o único que ten a culpa da situación a que se chegou.

Continúa dicindo que vai ser moi claro neste tema. O seu grupo non vai apoiar a cuestión de confianza que se presentou, e van votar en contra, pero tamén, da mesma maneira, o seu grupo vai desprezar calquera tipo de dúbida sobre a presentación dunha moción de censura, e iso por tres cuestións fundamentais.

Primeira, pola responsabilidade e coherencia política.

Segunda, porque non queren contribuír á paralización do concello no tempo que queda de lexislatura. Teñen que ser conscientes do mes no que están, para maio do ano que vén hai eleccións municipais, e o equipo de goberno xogou con isto, porque se agora se rexeita a cuestión de confianza, habería un mes para presentar a moción de censura, despois habería que configurar un novo alcalde e unha nova corporación, o que sería outro mes e pico, todo segundo a normativa establecida, e tendo en conta, ademais, que segundo cre, un mes antes das próximas eleccións xa se atoparían con que a corporación está en funcións, e repite que o goberno municipal xogou con iso. Di que lamenta moito ter que chegar a esta cuestión, pero veu motivada pola irresponsabilidade que ten este goberno, contando con todo o que acaba de dicir.

E terceira, e para eles non é a menos importante, porque o seu grupo non vai apoiar nada que vaia en contra dos acordos do Código ético de conduta política en relación ao pacto antitransfuguismo subscrito por todos os partidos políticos do Estado con representación parlamentaria. Di que eles non van entrar aí, EU-IU non vai entrar aí. En consecuencia, o voto do seu grupo vai ser en contra.

Continúa dicindo que vai explicar este terceiro punto, porque é moi claro, e cre que moita xente da que está aquí o sabe perfectamente. Di que ten nas súas mans o documento do acordo respecto do Código ético de conduta política en relación co transfuguismo nas corporacións locais. O primeiro que o asina, en representación do goberno daquel entón, é don Mariano Rajoy, e o resto, os grupos políticos con representación parlamentaria. No punto 6, apartado 2, di que será requisito previo para os concelleiros que abandonen o seu grupo de orixe a permanencia polo menos durante un ano noutro grupo político para que poidan subscribir durante o seu mandato unha moción de censura.

Sinala que iso non o di el, e que iso sábeno todos os que están hoxe aquí. Por iso non queren facer ningún tipo de demagogia, e queren deixar as cousas perfectamente claras. O goberno municipal foi quen os meteu nesta situación, e eles non van pasar por aí.

Conclúe dicindo que o voto do seu grupo vai ser en contra.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez, voceiro do GM (PG), manifesta que cando o Sr. alcalde se refire ao prezo que se vai pagar por parte da oposición, que son uns irresponsables, cando fala do prezo que se vai pagar polos votos dos concelleiros, el preguntarlle ao Sr. alcalde como o fai, porque é el quen o leva facendo moitos anos. Ese traballo leva facéndoo moitos anos, e faino bastante ben, vaille saíndo bastante ben sempre. Dille ao Sr. alcalde que é el quen compra aos concelleiros, fai de todo, e sempre cun prezo, sempre é con talón.

Lémbrale que cando tiña maioría absoluta o partido socialista, o Sr. alcalde comprou a un concelleiro do PP dándolle unha media dedicación como persoal de confianza. Pregúntalle para que era, o Sr. alcalde o saberá, porque aos compañeiros que estaban no partido con el non llelo explicou, ou ao mellor explicouno a algúns, a algúns barrigas agradecidas. Di que a algúns deses ao mellor si llo explicou, porque o Sr. alcalde, el só, non o faría, pero non a todos, sobre todo non a aqueles, el mesmo incluído, que sempre se enfrentaron e defenderon o seu criterio do que debe ser a política en Cambre, ou en calquera outro sitio. Di que teñen un criterio do que debe ser a política, e son serios e responsables, non irresponsables como é o Sr. alcalde cando fai ese tipo de actuacións.

Continúa dicindo que o equipo de goberno está falando de pacto e de estabilidade. O BNG veu de salvador deste goberno para darlle non sabe canta estabilidade, non sabe cantas cousas traballaron,, pero dille ao Sr. alcalde que todo iso foi a cambio de talón, de quitarllo a algún dos seus compañeiros de partido e darllo a eles. Se é así, é o Sr. alcalde quen lle ten que dicir como se compra e máis como se venden os concelleiros.

Di que el non está disposto a venderse, nin a que ninguén o compre, non está en venda, non, nunca estivo, o único que ocorre é que el seguramente é tan responsable como o Sr. alcalde, é responsable de que non lle pode dar ao alcalde a súa confianza porque xa sufriu as súas traizóns como compañeiro de partido, xa sufriu as súas traizóns, as súas mentiras, as súas calumnias e a súa hipocresía e, polo tanto, non pode darlle a súa confianza, nin ao Sr. alcalde nin tampouco a algúns outros barrigas agradecidas que o Sr. alcalde ten no goberno municipal e incluso na oposición.

Sinala que el está disposto a favorecer unha moción de censura, presente quen a presente, sexa o concelleiro que sexa, porque peor que o Sr. alcalde non o vai facer este ano. Dálle o seu voto sen compra nin venda de nada, non lle vai pedir nada a cambio, nada, nin un duro, nin estar nin sequera no goberno con el, pero o seu voto vai telo, porque despois do que sabe do Sr. alcalde, mellor lle vale, aínda que sexa o maior delinciente de Cambre.

Neste momento e ante a interrupción do Sr. alcalde, o Sr. Marante dille que ata agora non curtou a ninguén e que a el non lle ten tampouco por que curtar.

Continúa dicindo que respecto doutros temas que aquí se están vendendo, de que se investiron un montón de cartos con este pacto, con estas cousas, non sabe onde se investiron, porque os veciños veñen ao concello a dicir que necesitan algo, e non hai un duro, xa que están en crise. Di que a ver onde se meteron tantos millóns de euros, seguramente algúns nin sequera se están usando, fíxose algunha obra que está aí, enterrada, e aí quedou. Iso debe ser unha forma de gobernar con responsabilidade, claro que si.

Segue dicindo que tamén faláron de temas como a praza Manuel Murguía, un exemplo de eficacia. Habería que preguntarlles aos veciños que están alí ao lado se a praza Manuel Murguía, onde se investiron 240.000 euros, onde lles eliminaron prazas de aparcamento, coa falta que hai delas, está sendo utilizada para almacenaxe de mesas e cadeiras dun negocio de alí ao lado. Di que os veciños poden pasar por alí e sentarse nas cadeiras se toman algo, porque banco o seu concello non puxo ningún, esa é a eficacia da que se fala.

Di que dende Obras e Servizos falan de que se conseguiu rescindirille o contrato a unha empresa que non cumpría, que agora se adxudicou, e vai todo a bo ritmo. Pero é que esa é

precisamente a responsabilidade que teñen, se pasan esas cousas loxicamente terán que actuar.

Conclúe dicindo que poucas cousas son positivas, baixo o seu punto de vista, neste goberno e, polo tanto, o seu voto, como xa dixo antes, vai ser en contra, e quedando claro que calquera grupo político que fale con el e queira presentar unha moción de censura, vai ter o seu voto, e sen ningunha contraprestación en contra.

Concedida a palabra a dona M^a Beatriz Ramos Padín, concelleira non adscrita, manifesta que se reúnen aquí, neste lugar singular, singular porque nel se desposita e xestiona a confianza outorgada polos veciños de Cambre. Precisamente hoxe o Sr. alcalde, o alcalde de todos os veciños e veciñas de Cambre solicítalles que dean a súa confianza a un proxecto de xestión, un proxecto de xestión sombrío no que na sombra da dúbida planea sen ningún rubor. Dúbidas que non quixeron ser disipadas polo actual equipo de goberno, propostas non consensuadas con diálogo e con transparencia. Non quixeron chegar a un consenso nos orzamentos, aunando esforzos e chegando a puntos de encontro entre os distintos grupos que compoñen esta corporación para a xestión dos intereses dos cidadáns e cidadás de Cambre.

Hoxe o Sr. alcalde pídelles confianza, confianza para aprobar a súa xestión, e lamentablemente o único que lles ten ofrecido é desconfianza, desconfianza subliñada polas informacións xurdidas estes días en diferentes medios de comunicación, e na que todos os veciños e veciñas de Cambre vense sorprendidos e escandalizados porque a xestión do seu alcalde, o alcalde de todos os veciños e veciñas de Cambre, está sendo investigada pola Fiscalía, e que da dita investigación despréndense indicios de delito na xestión dos bens municipais. Evidentemente todos son inocentes mentres non se demostre o contrario, pero o Sr. alcalde debería dar un plus de confianza e transparencia aos cidadáns na xestión que é de todos, e o Sr. alcalde xa non ofrece nin transparencia, nin confianza, por iso di que ela non vai outorgar a súa confianza á xestión do Sr. alcalde.

Continúa dicindo que neste pleno ela representa un só voto, pero que detrás dese voto hai moitos veciños e veciñas de Cambre que non queren ter un alcalde sospeitoso de infrinxir a lei e abusar da confianza que hoxe vén pedir a este singular lugar, que como dixo ao principio é o depositario da confianza dos veciños e veciñas do pobo de Cambre.

Toma a palabra o Sr. alcalde para explicar que a continuación van facer unha rolda de réplicas e despois pasarán á votación.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez sinala que, dado que o Sr. alcalde non fixo ningún comentario eles tampouco teñen a posibilidade de replicarlle, só poderían replicarlle ao seu socio de goberno, o Sr. Iglesias.

O Sr. alcalde manifesta que xa dixo claramente que o seu motivo para convocar hoxe o pleno, con rapidez, é para que a oposición teña prazo se entende ou estima que vai presentar un voto de censura. Di que el quere recalcar sobre todo a frase do Sr. Marante que pensa que de honorabilidade pouco lle pode ensinar. Dille que el, polo menos, estará a mesma altura que o Sr. Marante, dille que polo menos lle permita iso, porque adoita ser calado e respectuoso cos que foron amigos e compañeiros, e se o Sr. Marante ten a súa honorabilidade, el como mínimo ten a mesma que o Sr. concelleiro.

Continúa dicindo que respecto das manifestacións de dona M^a Beatriz Ramos Padín, parécelle ben, pero que estean investigando non quere dicir que estean investigando ao alcalde, non é así, son outras actuacións. Parécelle ben que lle entre a dúbida, pero a dúbida xa entrou noutras ocasións, cando os denunciaron pola contratación dos cinco auxiliares, e ao final non pasou nada. Por iso di que a Sra. concelleira debe agardar, ao igual que todos, a que a Xustiza decida, de momento ninguén está condicionado, e o alcalde moito menos que non ten nada que ver nese asunto.

Concedida a palabra a don Nicolás José Cubeiro Martínez manifesta que el tiña a intención de ir ao cine esta semana, estréase *Alicia en el País de las Maravillas* de Tim Barton, pero despois de escoitar ao Sr. Iglesias pensa que xa non vai ir, porque o concelleiro do BNG falou de que este era un goberno modélico e exemplar, de que co Plan E fixeron un reparto equitativo, e preguntalle equitativo de que.

Don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que el falou do Plan FEESL.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez contesta que entón será do Plan FEESL, e que ao Sr. Iglesias lle gusta moito poñer os puntos sobre os is, pero esta é a súa quenda, e en calquera caso antes foi o Plan E, e agora é o Plan FEESL, en ambos casos se repiten as contratacións, sempre é o mesmo número e tipo de empresas, sempre. Isto xa se dixo no seu día e hoxe non vén a lugar explicalo.

Continúa dicindo que o Sr. Iglesias dixo que fixeron o que a lei obriga, e claro que foi así, a lei permite o modelo de contrato negociado sen publicidade, o permite, pero non quere dicir que iso sexa o recomendable, o goberno municipal fai o que lle convén.

Dixo tamén que se apuntaba un notable alto para o seu goberno, que menos, e falou de que así había unha alternativa. Os concelleiros do goberno municipal sabían perfectamente,

igual que o sabía o Partido Popular, que hoxe ía pasar o que pasou, que á hora de verdade non ía haber unha moción de censura, porque algún partido xa o dixo claramente agora, que non a vai a haber. Polo tanto, no goberno saben perfectamente a que xogaban, porque era previsible.

Continúa explicando que antes deixou o Plan sectorial para o final, antes non fixo mención a el, pero si que era necesario falar dese Plan sectorial hoxe, porque o único partido que se opuxo radicalmente, e di radicalmente no bo sentido da palabra, foi o Partido Popular. Tanto o Sr. alcalde, como os señores do BNG, e o resto dos partidos desta corporación defenderon que en Cambre se expropiasen terreos, se expropiasen vivendas de xente, nalgúns casos xente maior sen posibilidade de mellora, a uns prezos ridículos, que se fixesen 1800 vivendas sen acceso.

O Sr. alcalde di que diso non están a falar.

Don Nicolás José Cubeiro Martínez responde que a pregunta era se confiaban no Sr. alcalde e preguntalle como poden confiar dende o PP nun alcalde e nun socio de goberno que pretendían facer iso en Cambre. Non poden confiar.

Conclúe dicindo que, por último, só quere dicir dous refráns, que non se pode nadar e gardar a roupa, e que tampouco se pode tirar a pedra e esconder a man. O PP o que fixo, fíxoo con convencemento, eles cren que o Sr. alcalde non debe seguir aí, que este tipo de goberno non debe seguir aí, e polo tanto as cousas hai que levalas ata o final. Di que lamentablemente non vai ser así, pero en calquera caso o PP quere deixar clara a súa postura, non confía no Sr. alcalde, e dende logo non confía no seu socio de goberno, así que o seu voto é non, como dixo noutras ocasións, con todas as súas forzas.

Concedida a palabra a don Henrique Xabier Iglesias Oviedo manifesta que hai ás veces cuestións que se din, e que el de verdade que as respecta sempre, pero que por moi solemne que sexa o ton no que se digan, e por moita forza que se empregue na súa presentación, que non se pretenda que as teñan que crer por necesidade todos.

Di que o tema dos salarios é o que hai, é un salario por traballar, que se aprobou cunha rebaixa do 5% no mes de agosto do pasado ano, iso é o que hai, e cada quen poderá destinar a obras de caridade a parte do seu salario que queira, iso pode facelo todo o mundo, cobre do concello ou cobre do Estado, ou cobre dunha empresa, que o faga quen queira. Di que algúns entenden, el incluído, que enfocar a política sempre polo mesmo non é máis que demagogia populista que pode sentarlle moi ben a determinados oídos, que é o que queren oír, pero que en todo caso non soluciona as cousas.

Efectivamente ese é un dos temas que se presentaron na negociación, dos poucos, e pola única forza política que efectivamente formulou cuestións concretas para negociar os orzamentos, pero formulou outras dúas máis, e se lle explicou por activa e por pasiva, e non só os responsables políticos, senón tamén os propios técnicos, que esas dúas actuacións, que eran a adquisición de terreos na parroquia de Cela, e a dotación de diñeiro para temas de seguridade viaria en Pravio, e noutros sitios que teñen ese problema, estaban garantidas con partidas que se incorporarían ao orzamento unha vez aprobado, que xa existían, e que non figuran no orzamento novo porque xa existían no anterior e se incorporan automaticamente. Di que con iso non chegou, tres propostas, dúas que están recollidas e unha que non se acepta. A el parécelle unha negociación bastante boa, non lle parece mala, pero cada quen é moi libre de tomar as súas decisións.

Era evidente que o Sr. Cubeiro non ía votar a confianza, igual que non podía votar os orzamentos, e mesmo pode dicir que vai a promover unha moción de censura, iso é normal, porque para iso é o voceiro suplente do PP, e non do PSOE, nin do BNG, nin doutra forza, cada un ten que cumprir o seu papel. Di que iso xa o saben, e ademais está ben que o argumente e que o argumente ben, pero que o faga con base en cousas que sexan certas, que sexan verdade. O Sr. Cubeiro volveu falar outra vez do tema das contratacións do FEESL, e volve lanzar cousas das que non ten nin idea, non coñece os datos, e vaise acabar poñendo colorado cando lle saquen toda a sábana e lle digan, mire, vostede mentía, pero é que ademais mentía a sabendas, e mentía a sabendas porque nin se preocupou de preguntar como estaban as contratacións, non se preocupou en absoluto, e dábble igual, porque o Sr. Cubeiro viña coa súa frase feita, para soltar aquí e obter algunha risa cómplice, ou algunha aplauso, seguramente merecido, e nada máis, dálle igual.

El dixo que foi algo exemplar e modélico, e o Sr. Cubeiro vaine ver, e vai ter que acabar recoñecéndoo, aínda que supón que non o vai facer. En todo caso, igual que xa citou na primeira parte, está claro que o libro de Maquiavelo é un bo libro de cabeceira, e que ao Sr. Cubeiro lle dá igual o que sexa certo, o que sexa incerto, o que sexa xusto ou inxusto, porque o concelleiro do PP o di se é bo para os seus fins. É absolutamente lóxico que o Sr. Cubeiro vote en contra da confianza, e normal, o PP é o grupo maioritario da oposición e aí está, e ese é o seu papel, non ten outra maneira de actuar.

Continúa dicindo el sabía que tiña que saír o tema da Fiscalía, e por iso a propósito non fixo ningunha mención a el na primeira intervención. Di que é curioso que apareza nos medios de comunicación o venres pola tarde, para ser publicado en diferentes doses, no sábado e no domingo. Respecto a isto di que eles piden de maneira solemne á Fiscalía, e aos tribunais encargados que actúen, pero xa, o mesmo que eles queren actuar na súa competencia, na xestión dos asuntos públicos, por iso lle din a esa institución, que é fundamental para que o

sistema funcione, que actúe xa, e se determina algún tipo de responsabilidade, que as depure de maneira inmediata, que non se atrase nin un día.

O que lles resulta sorprendente e curioso é que esa información, que está en coñecemento da parte denunciante dende o día 5 de abril, saia á luz precisamente o fin de semana véspera do debate da moción de confianza, sen que haxa en todo este tempo ningún tipo de comunicación formal ou oficial no concello, sen que se producira ningún tipo de requirimento ou petición de información. Di que é ben curioso, e que soa a manobra, pero iso evidentemente el non o pode demostrar, é unha hipótese, pero dende logo o que teñen é o desexo, un desexo realmente forte, de que se a Fiscalía atopa algo, ou se os tribunais atopan algo, que o xulguen inmediatamente e que se depuren todas as responsabilidades, e que se non, que acaben dunha vez, porque ao que non hai dereito é a que unha institución que non é nin do BNG, nin do PSOE, nin do PP, senón unha institución que é do Concello de Cambre estea permanentemente en entredito. Cando alguén quere denunciar que o faga, que demostre as súas acusacións, que os tribunais actúen e que se depuren responsabilidades, pero que por favor, que a institución municipal que todos teñen a obriga de defender, que non quede en entredito, e que cada quen aguante e cumpra coa súa función, que é o que teñen que facer.

Conclúe dicindo que, anunciada cal vai ser a situación, só lamenta que simplemente porque hoxe, por unha cuestión numérica, se perda a cuestión de confianza, os orzamentos municipais do Concello de Cambre, que ao cabo serán aprobados de maneira automática o 19 do mes que vén, non poidan estar xa hoxe para que os instrumentos de traballo que se necesitan para poder sacar as cousas adiante se poñan xa en marcha. Con esta posición, atrásanse un mes, é lexítimo, pero que en todo caso que se sexa consciente de que é así.

Concedida a palabra a don Luis Miguel Taibo Casás manifesta que, en primeiro lugar, quere dicir que lle parece absolutamente moi grave o que se dixo aquí por parte do compañeiro do Partido Galeguista. Aquí chamouse barrigas agradecidas a un grupo que forma parte do goberno e a outros da oposición, e el pídelle ao Sr. Marante que especifique claramente a que grupo da oposición se refire. Di que non lle tolera que dubide da dignidade nin da integridade do grupo de EU-IU, nin das persoas que o representan. Pídelle que diga a quen se refire, e que retire a palabra que dixo, porque que isto o diga unha persoa que leva vinte e moitos anos neste concello, que tivo tres cargos importantes, que foi concelleiro de Educación, que foi concelleiro de Obras, que foi concelleiro de Deportes, algunha responsabilidade terá que ter o Sr. Marante para que o alcalde estea aquí, que tanto bota en contra del.

Por outra parte o Sr. Marante dixo que estaba disposto a darlle o seu voto a calquera, a esas barrigas agradecidas das que falou vailles dar o seu voto, é unha gran contradición o que o

Sr. Marante di, e ademais cre que hai algo máis de fondo, ve un certo rencor nel, e ve un certo revanchismo, pero que teña algo contra o alcalde, que foi o seu compañeiro de grupo, e o seu compañeiro de partido, pois ata o pode admitir, pero pregúntalle que ten contra o grupo de EU-IU, ou contra os demais. Pídelle que diga a quen se refire, claramente.

Por outra parte, quere dicirlle ao Sr. Iglesias que se aleda profundamente de que as sendas peonís se leven a cabo, e que Cela conte cuns terreos, pero insiste, e xa o dixo moitas veces, no tema dos soldos. Pregúntalle ao Sr. Iglesias se son eles nada máis os que poden pedir a rebaixa de salarios, porque o pediron cando estaban na oposición, lexitimamente, e agora EU-IU tamén o pide estando na oposición, porque EU-IU, como o saben perfectamente, non quixo formar parte deste goberno.

Quere lembrar que no ano 1996, o PSOE en Cambre facía a proposta de que o alcalde cobrase 6 millóns de pesetas, e tres concelleiros delegados 5.600.000 pesetas, mentres que a proposta do BNG era de 4.500.000 de pesetas para o alcalde e 3.000.000 de pesetas para un concelleiro delegado. En canto ás propostas de indemnización por asistencias a órganos colexiados, a proposta do PSOE era de 35.000 pts, e a do BNG era de 10.000 pts. Para plenos o PSOE falaba de 20.000 pts, e o BNG de 10.000. Visto isto pídelle ao Sr. Iglesias que lle permita que el teña, como mínimo, o mesmo dereito que tivo o BNG a presentar propostas no seu día, porque é tan lexítimo como para eles.

Conclúe insistindo en que o seu voto é contrario á cuestión de confianza.

Concedida a palabra a don Manuel Marante Gómez manifesta que só quere aclarar que os barrigas agradecidas saben moi ben quen son, sen que el teña que dicir os nomes, e sábeno todos, todos o saben moi ben, polo tanto el non vai dar nomes, pero pide que non lle obriguen a dar exemplos dos motivos, porque pensa que non vén a conta neste pleno e sería saír fóra do testo.

A continuación, e dado que non hai máis intervencións, o Sr. alcalde dálle a palabra á secretaria accidental da corporación, quen informa que o art. 197 bis da Lei orgánica 5/1985, de réxime electoral xeral, modificada por Lei 8/1999, introduce no ámbito local a cuestión de confianza sinalando, en canto a votación, no seu apartado 2º que para a adopción dos asuntos vinculados a esta requirírase o quórum de votación esixido na Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local para cada un deles. A votación efectuarase, en todo caso, mediante o sistema nominal de chamamento público. O quórum de votación esixido neste caso, de acordo co art. 47 da Lei reguladora das bases de réxime local será a maioría simple (máis votos afirmativos que negativos), e a votación efectuarase mediante o sistema nominal definido no art. 119 parágrafo 3º do Regulamento orgánico municipal, segundo o cal son nominais aquelas votacións que se realizan mediante

chamamento por orde alfabética de apelidos, e sempre en derradeiro lugar o presidente, e na que cada membro da corporación, ao ser chamado, resposta en voz alta si, non ou absteñome.

Acto seguido pásase a realización da votación nominal que acada o seguinte resultado:

- Andreu Barallobre, Felipe:	Non
- Baamonde López, José Antonio:	Non
- Becerra Montes, Gumersinda:	Si
- Cubeiro Martínez, Nicolás José:	Non
- Fernández López, Juan Antonio:	Non
- Fernández Martínez, Laura:	Si
- González Roel, María Jesús:	Non
- Iglesias Oviedo, Henrique Xabier:	Si
- López Lisnier, Jaime Manuel:	Si
- Marante Gómez, Manuel:	Non
- Míguez Mouzo, M ^a Ángeles:	Si
- Otero Domínguez, Antón:	Si
- Parcerio Rial, José Francisco:	Si
- Pérez Eléxpuru, Goretti:	Non
- Prado Arcay, Erundina:	Si
- Ramos Padín, María Beatriz:	Non
- Ríos Rama, Santiago Manuel:	Non
- Tato Lago, Carmen:	Si
- Taibo Casas, Luis Miguel:	Non
- Vieites Mariñas, María Jesús:	Non
- Varela Saavedra, Antonio:	Si

Así pois, a corporación, por once votos en contra e dez votos a prol, acordou rexeitar a cuestión de confianza vinculada á aprobación do Orzamento para o exercicio 2010, cos efectos que establece o art. 197 bis da Lei orgánica de réxime electoral xeral, que no seu apartado 5º sinala que se entenderá outorgada a confianza e aprobado o proxecto se no prazo de un mes dende que se votara o rexeitamento da cuestión de confianza, non se presenta unha moción de censura con candidato alternativo a alcalde, ou se esta non prospera.

A secretaria accidental informa que, a sensu contrario, se se presenta a moción de censura, e esta prospera o orzamento resultará rexeitado, e o alcalde substituído polo candidato proposto na moción de censura.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e trinta minutos, do que eu, secretaria accidental, certifico.

O presidente

A secretaria accidental

Antonio Varela Saavedra

Verónica María Otero López